

2. Cando non se determinase a admisión ou inadmisión de inicio dos procedementos previstos no artigo 1 ao solicitar a suspensión e se admitise o inicio con posterioridade, o órgano competente de recadación acordará a suspensión con efectos desde a solicitude de suspensión. O acordo de suspensión deberá ser notificado ao obrigado tributario.

Cando, presentada a solicitude de inicio dun procedemento dos regulados no artigo 1, a Dirección Xeral de Tributos non determinase a súa admisión ou inadmisión e, presentada a solicitude de suspensión regulada neste título, esta cumpra cos requisitos de admisibilidade regulados nas alíneas b) e c) do artigo 35.1 e co establecido no artigo 38, suspenderase cautelarmente a recadación da débeda, se a solicitude de suspensión se presentou en período voluntario. Se, nas mesmas circunstancias, a solicitude de suspensión se presentou en período executivo, iniciárase ou continuárase o procedemento de constrinximento, sen prexuízo de que proceda a anulación das actuacións posteriores á solicitude de suspensión no caso de admisión a trámite dos procedementos regulados no artigo 1.

O órgano de recadación competente solicitará á Dirección Xeral de Tributos que lle comunique a admisión ou inadmisión a trámite dos procedementos previstos no artigo 1 para notificar a suspensión ao obrigado tributario.

Se, finalmente, non se admiten a trámite os procedementos previstos no artigo 1, procederá a denegación da suspensión. Ese acordo non será susceptible de recurso.

Disposición derradeira única. *Autorización ao ministro de Economía e Facenda.*

Autorízase o ministro de Economía e Facenda para ditar as disposicións necesarias para a aplicación deste regulamento.

MINISTERIO DE FOMENTO

18546 *REAL DECRETO 1795/2008, do 3 de novembro, polo que se ditan normas sobre a cobertura da responsabilidade civil por danos causados pola contaminación dos hidrocarburos para combustible dos buques.* («BOE» 278, do 18-11-2008.)

O Convenio internacional sobre responsabilidade civil nacida de danos debidos á contaminación polos hidrocarburos para combustible dos buques, feito en Londres o 23 de marzo de 2001, en diante Convenio de combustible de 2001, cuxa ratificación por España se produciu con data do 10 de decembro de 2003, entrará en vigor o día 21 de novembro de 2008.

O Convenio de combustible de 2001 obriga os propietarios dos buques incluídos no seu ámbito de aplicación a garantir a indemnización dos danos ocasionados polos sinistros por contaminación de hidrocarburos para combustible que o buque leve a bordo ou que procedan del e que se produzan no territorio ou no mar territorial de calquera dos estados parte do convenio.

Para facer efectiva esta exigencia, impónselle ao propietario do buque a obriga de subscribir un seguro ou outra garantía financeira para cubrir a súa responsabilidade polos danos causados por contaminación conforme o previsto no convenio. Así mesmo, establécese que cada Estado parte exixirá o devandito seguro ou garantía financeira e non lles concederá permiso para navegar aos buques que enarboren o seu pavillón se non van provistos do correspondente certificado. Do mesmo xeito, os Estados deberán adoptar as medidas oportunas para que os buques, calquera que sexa o país da súa matrícula, estean provistos do certificado para entrar ou saír en portos do seu territorio ou arribar e levantar

áncora dunha instalación mar dentro situada no seu mar territorial.

Todo iso determina a necesidade de ditar unha disposición que prevexa as normas necesarias para a execución do Convenio de combustible de 2001 e que, pola súa vez, regule nun único texto normativo todos os aspectos relacionados coa exigencia e control pola Administración marítima dos certificados de seguros ou garantía financeira emitidos.

Por outra banda, unha das particularidades do Convenio de combustible de 2001 é a vinculación do establecemento obrigatorio do seguro ou garantía financeira co límite da responsabilidade do propietario do buque, de acordo co réxime nacional ou internacional aplicable en cada caso.

O Estado español, mediante instrumento de adhesión ao protocolo de 1996 que emenda o Convenio sobre limitación da responsabilidade nacida de reclamación de dereito marítimo, 1976, feito en Londres o 2 de maio de 1996, e a denuncia simultánea dos convenios anteriores reguladores da limitación de responsabilidade dos propietarios de buques, pretende implantar o réxime de limitación de responsabilidade máis actualizado, conforme os instrumentos internacionais en vigor.

Por razóns de eficacia considerouse oportuno que a competencia para a expedición do certificado acreditativo da subscripción do seguro ou da garantía financeira e o control da obriga de levalo a bordo dos buques serán funcións exercidas pola Dirección Xeral da Mariña Mercante do Ministerio de Fomento.

A similitude existente entre a cobertura do seguro ou garantía financeira recollida no Convenio de combustible de 2001 e o sistema establecido no Real decreto 1892/2004, do 10 de setembro, polo que se ditan normas para a execución do Convenio internacional sobre responsabilidade civil por danos debidos á contaminación das augas do mar por hidrocarburos, 1992, emendado, aconsella a necesidade de modificar esta última norma para facer coincidir a regulación de ambos os dous procedementos de expedición dos certificados que acreditan o cumprimento da obriga de subscribir un seguro ou de constituir outra garantía financeira para cubrir a responsabilidade por danos causados por contaminación.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, coa aprobación da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de outubro de 2008,

DISPONGO:

Artigo 1. *Cobertura da responsabilidade civil nacida de danos debidos á contaminación polos hidrocarburos para combustible dos buques.*

1. Os propietarios inscritos dos buques superiores a 1.000 toneladas de arqueo bruto terán que subscribir un seguro ou unha garantía financeira que cubra a súa responsabilidade, polos danos debidos á contaminación causada por hidrocarburos usados como combustible, e polos custos ou danos ocasionados por todas as medidas razoables que, con posterioridade a un suceso, tome calquera persoa, co obxecto de evitar ou reducir ao mínimo os danos debidos á contaminación, conforme prevén o número 1 do artigo 7 do Convenio internacional sobre responsabilidade civil nacida de danos debidos á contaminación polos hidrocarburos para combustible dos buques, feito en Londres o 23 de marzo de 2001, en diante Convenio de combustible de 2001.

2. Queda prohibida a navegación de todo buque español superior a 1.000 toneladas de arqueo bruto se non leva a bordo o certificado con plena validez e acreditativo da existencia do seguro ou garantía financeira a que se refire o número 1 deste artigo.

3. Queda prohibida a entrada ou saída de porto español ou a arribada ou saída dunha instalación mar dentro situada no mar territorial a todo buque estranxeiro superior a 1.000 toneladas de arqueo bruto, se non leva a bordo un certificado de seguro ou outra garantía financeira en vigor e expe-

dido de conformidade co Convenio de combustible de 2001, e que cubra a súa responsabilidade ata o límite que lle sexa aplicable de acordo co previsto no artigo 7.1 do citado convenio.

Artigo 2. *Supostos de exclusión.*

As disposicións deste real decreto non se aplicarán aos buques de guerra, buques auxiliares da armada ou outros buques cuxa propiedade ou explotación corresponda a un Estado e que estean destinados exclusivamente, no momento considerado, a servizos non comerciais do Goberno, salvo que o Estado a que pertencen decidise que se aplique o Convenio de combustible de 2001, de acordo co previsto no seu artigo 4.3. Tampouco será aplicable aos danos ocasionados por contaminación, segundo se definen estes no Convenio de responsabilidade civil derivada de danos debidos á contaminación das augas do mar por hidrocarburos, 1992, emendado, sexa ou non pagadoira unha indemnización con respecto a eles en virtude do citado convenio.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto enténdese por:

1. «Arqueo bruto»: o arqueo bruto calculado de acordo coas regras sobre a medición do arqueo que figuran no anexo 1 do Convenio internacional sobre arqueo de buques, feito en Londres o 23 de xuño de 1969.

2. «Buque»: toda nave apta para a navegación marítima e todo artefacto flotante no mar, do tipo que sexa.

3. «Persoa»: todo individuo ou sociedade, ou entidade de dereito público ou privado, estea ou non constituída en compañía, con inclusión dun Estado ou de calquera das súas subdivisións políticas.

4. «Propietario do buque»: o propietario, incluído o propietario inscrito, o fretador a casco nu, o xestor naval e o armador do buque.

5. «Propietario inscrito»: a persoa ou persoas inscritas como propietarias do buque ou, se o buque non foi matriculado, a persoa ou persoas propietarias deste. Non obstante, no caso do buque que sexa propiedade dun Estado e estea explotado por unha compañía inscrita nese Estado como armador do buque, por «propietario inscrito» entenderase a devandita compañía.

6. «Hidrocarburos para combustible»: todos os hidrocarburos de orixe mineral, incluídos os lubricantes, utilizados ou que se vaian utilizar para a explotación ou propulsión do buque e todo o seu residuo.

7. «Convenio de responsabilidade civil»: o Convenio internacional sobre responsabilidade civil nacida de danos debidos á contaminación das augas do mar por hidrocarburos, 1992, emendado.

8. «Medidas preventivas»: todas as medidas razoables que con posterioridade a un suceso tome calquera persoa co obxecto de evitar ou reducir ao mínimo os danos debidos á contaminación.

9. «Suceso»: todo acaecemento ou serie de acaecementos de orixe común que cause danos debidos á contaminación ou que cree unha ameaza grave e inminente de causar tales danos.

10. «Danos debidos á contaminación»:

a) As perdas ou danos ocasionados fóra do buque pola contaminación resultante da fuga ou a descarga de hidrocarburos para combustible procedentes dese buque, onde queira que se produza tal fuga ou descarga, ben que a indemnización por deterioración do ambiente, á parte da perda de beneficios resultante da devandita deterioración, estará limitada ao custo das medidas razoables de restauración efectivamente tomadas ou que se vaian tomar, e

b) O custo das medidas preventivas e as outras perdas ou danos ocasionados por tales medidas.

11. «Estado de matrícula do buque»: o Estado en que estea matriculado o buque e, en caso de non estar matricu-

lado, o Estado cuxo pavillón teña dereito a enarborar o buque.

12. «Organización»: a Organización Marítima Internacional.

13. «Convenio sobre limitación da responsabilidade nacida de reclamación de dereito marítimo, 1996»: o Convenio sobre limitación da responsabilidade nacida de reclamación de dereito marítimo, emendado polo Protocolo de 1996.

Artigo 4. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular a expedición e o control do certificado acreditativo do seguro ou da garantía financeira distinta do seguro a que se refire o artigo 7 do Convenio de combustible de 2001.

Artigo 5. *Cobertura da responsabilidade civil mediante a subscripción dun seguro ou mediante unha garantía financeira distinta do seguro.*

1. No caso de a responsabilidade civil se cubrir mediante a subscripción dun seguro ou mediante unha garantía financeira distinta do seguro, expedirase un certificado acreditativo sempre que o seguro ou a garantía se subscribir cunha entidade que se atope nalgunha das circunstancias seguintes:

a) Entidades aseguradoras que obtiveren autorización do Ministerio de Economía e Facenda para operaren no ramo 12, «responsabilidade civil en vehículos marítimos, lacustres e fluviais», dos previstos na alínea a), «clasificación dos riscos por ramos», do artigo 6.1 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, ou que, estando domiciliadas nun país pertencente ao Espazo Económico Europeo, exerzan a súa actividade en España en réxime de dereito de establecemento ou réxime de libre prestación de servizos.

b) Entidades domiciliadas nun país pertencente ao Espazo Económico Europeo distinto a España, autorizadas para operar no ramo de responsabilidade civil en vehículos marítimos, lacustres e fluviais.

c) Sucursais establecidas no Espazo Económico Europeo de entidades aseguradoras domiciliadas en países terceiros non membros do Espazo Económico Europeo, autorizadas para operar no ramo de responsabilidade civil en vehículos marítimos, lacustres e fluviais.

d) Clubs de protección e indemnización integrados no Grupo Internacional de Clubs de Protección e Indemnización.

2. No caso de o seguro ou garantía financeira distinta do seguro estar subscrito con entidades distintas das enumeradas no número 1 deste artigo e, salvo o previsto na disposición derradeira terceira, non se expedirá ningún certificado.

3. O seguro poderase formalizar ben mediante unha póliza específica ou ben como unha cobertura máis das pólizas que teñan subscritas os propietarios dos buques para cubrir a súa responsabilidade civil ou outros riscos.

Artigo 6. *Límites de cobertura da responsabilidade civil.*

O seguro ou a garantía financeira cubrirán a responsabilidade civil do propietario inscrito do buque, na forma e nas condicións establecidas no Convenio de combustible de 2001, e pola contía en dereitos especiais de xiro exigible segundo o límite de responsabilidade do propietario do buque, calculado de acordo co previsto no Convenio sobre limitación da responsabilidade nacida de reclamación de dereito marítimo, 1996, emendado, tendo en conta o arqueo do buque.

Artigo 7. Duración da cobertura do seguro ou da garantía financeira distinta do seguro.

1. A duración do seguro ou da garantía financeira será por período de tempo concreto non superior a un ano e entenderase sempre referida ao horario da España peninsular.

2. Os efectos do seguro ou da garantía financeira regularanse de conformidade co previsto no artigo 7.6 do Convenio de combustible de 2001.

3. O previsto no número anterior resultará aplicable a toda modificación que teña por efecto alterar o seguro ou a garantía, de xeito que non satisfaga os termos do Convenio de combustible de 2001.

Artigo 8. Solicitude e emisión do certificado acreditativo da existencia do seguro ou da garantía financeira.

1. O certificado acreditativo da existencia de seguro ou da garantía financeira distinta do seguro solicitarallo á Dirección Xeral da Mariña Mercante o propietario do buque ou as entidades que cubran a responsabilidade. No suposto de existencia de coaseguranza, a solicitude realizarase a entidade abridora que exerza a representación de todas elas.

A solicitude deberase efectuar cunha antelación non inferior a trinta días desde a data en que se pretenda que teña efectos o certificado, salvo casos excepcionais, debidamente xustificadas, en que a autoridade expedidora do certificado poderá reducir o prazo.

2. A solicitude acompañarase do documento acreditativo do seguro ou da garantía financeira distinta do seguro e, debidamente cubertos, os formularios que requira a Dirección Xeral da Mariña Mercante ou a autoridade supervisora correspondente ao propietario inscrito do buque ou á entidade ou entidades aseguradoras.

3. O certificado axustarase ao modelo uniforme anexo ao Convenio de combustible de 2001 e deberase archivar unha copia na Dirección Xeral da Mariña Mercante cando sexa expedido a un buque matriculado en España.

4. A súa duración non poderá ser superior á do seguro ou da garantía financeira en que se basea a súa expedición.

5. O certificado a que se refiren os números anteriores poderase estender tanto para buques matriculados en España coma para buques matriculados nun Estado non parte.

6. O procedemento de solicitude e expedición dos certificados rexerese pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no non disposto neste real decreto.

Artigo 9. Modificacións da cobertura durante a vixencia do certificado.

1. O propietario inscrito do buque, a entidade aseguradora ou o garante están obrigados a lle comunicar inmediatamente á Dirección Xeral da Mariña Mercante calquera circunstancia que produza a extinción, a perda ou a redución da eficacia do seguro ou da garantía financeira.

2. O propietario inscrito do buque, ademais, está obrigado a lle devolver o correspondente certificado á Dirección Xeral da Mariña Mercante.

Artigo 10. Reclamacións de indemnización de danos derivadas da contaminación por hidrocarburos para combustible de buques.

1. Non se poderá promover ningunha reclamación de indemnización de danos ocasionados por contaminación por hidrocarburos para combustible de buques, en virtude do Convenio de combustible de 2001, contra:

- a) A persoa que realice operacións de salvamento co consentimento do propietario do buque ou seguindo instrucións dunha autoridade pública competente,
- b) A persoa que tome medidas preventivas,
- c) Os empregados ou axentes das persoas mencionadas nas subalíneas a) e b), non sendo que os danos fosen

orixinados por unha acción ou unha omisión de tales persoas, e que estas actuasen así con intención de causar eses danos, ou ben temerariamente e sabendo que probablemente se orixinarían tales danos.

2. Ningunha disposición deste real decreto limitará o dereito que ampare o propietario do buque para interpoñer recurso contra terceiros.

Artigo 11. Do despacho de buques e do réxime sancionador.

1. As capitánías marítimas poderán exixir a presentación do mencionado certificado ao realizar o despacho dos buques a que lles sexa de aplicación este real decreto, e poderán, ademais de incoar o correspondente expediente sancionador de acordo coa Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, ordenar a inmovilización dos buques infractores que incumpran as obrigas establecidas neste real decreto e cantas medidas sexan precisas para previr calquera estrago.

2. As infraccións e sancións que procedan en relación coas actividades previstas neste real decreto rexeranse, en todo momento, polo disposto no capítulo III do título IV da Lei 27/1992, polo establecido no título IX da Lei 30/1992, así como polo recollido nos correspondentes regulamentos sobre procedemento sancionador, desenvolvidos tanto no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, coma no anexo II do Real decreto 1772/1994, do 5 de agosto, polo que se adecuan os procedementos administrativos en materia de transportes terrestres, aviación civil e mariña mercante á Lei 30/1992.

Disposición derradeira primeira. Modificación do Real decreto 1892/2004, do 10 de setembro, polo que se ditan normas para a execución do Convenio internacional sobre responsabilidade civil por danos debidos á contaminación das augas do mar por hidrocarburos, 1992.

O Real decreto 1892/2004, do 10 de setembro, polo que se ditan normas para a execución do Convenio internacional sobre responsabilidade civil por danos debidos á contaminación das augas do mar por hidrocarburos, 1992, queda modificado como segue:

Un. O artigo 1 número 3 queda redactado nos seguintes termos:

«3. Queda prohibida a entrada ou saída de porto español ou a arribada ou saída dunha instalación mar dentro situada no mar territorial a todo buque estranxeiro que transporte, como carga a granel, máis de 2.000 toneladas de hidrocarburos se non leva a bordo un certificado de seguro ou outra garantía financeira en vigor, expedido de conformidade co Convenio de responsabilidade civil de 1992 e que cubra ata o límite de responsabilidade que lle corresponda, exixible en virtude do citado convenio.»

Dous. O artigo 4 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 4. Certificado acreditativo dun seguro.

1. Cando a base do certificado sexa un seguro, este deberá estar concertado con calquera das seguintes entidades:

- a) Entidades aseguradoras que obtivesen autorización do Ministerio de Economía e Facenda para operar no ramo 12, «responsabilidade civil en vehículos marítimos, lacustres e fluviais», dos previstos na alínea a), «clasificación dos riscos por ramos», do artigo 6.1 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, ou que, estando domiciliadas nun país pertencente ao Espazo Econó-

mico Europeo, exerzan a súa actividade en España en réxime de dereito de establecemento ou réxime de libre prestación de servizos.

b) Entidades domiciliadas nun país pertencente ao Espazo Económico Europeo distinto a España autorizadas para operar no ramo de responsabilidade en vehículos marítimos, lacustres e fluviais.

c) Sucursais establecidas no Espazo Económico Europeo de entidades aseguradoras domiciliadas en países terceiros non membros do Espazo Económico Europeo, autorizadas para operar no ramo de responsabilidade civil en vehículos marítimos, lacustres e fluviais.

d) Clubs de protección e indemnización integrados no Grupo Internacional de Clubs de Protección e Indemnización.

2. En caso de que o seguro ou a garantía financeira distinta do seguro estea subscrito con entidades distintas das enumeradas no número 1 deste artigo, non se expedirá ningún certificado.

3. O seguro poderase formalizar ben mediante unha póliza específica ou ben como unha cobertura máis das pólizas que teñan subscritas os propietarios dos buques para cubrir a súa responsabilidade civil ou outros riscos.»

Tres. O artigo 8 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 8. *Solicitud e emisión do certificado acreditativo da existencia do seguro ou da garantía financeira.*

1. O certificado acreditativo da existencia de seguro ou da garantía financeira distinta do seguro solicitarano á Dirección Xeral da Mariña Mercante os respectivos propietarios dos buques ou as entidades aseguradoras que os cubran. No suposto de existencia de coaseguranza, a solicitude realizaraa a entidade abridora que exerza a representación de todas elas.

A solicitude deberase efectuar cunha antelación non inferior a trinta días desde a data en que se pretenda que teña efectos o certificado, salvo casos excepcionais, debidamente xustificadas, en que a autoridade expedidora do certificado poderá reducir o prazo.

2. A solicitude acompañarase do documento acreditativo do seguro ou da garantía financeira distinta do seguro e, debidamente cubertos, os formularios que requira a Dirección Xeral da Mariña Mercante ou a autoridade supervisora correspondente ao propietario do buque, ou a entidade ou entidades aseguradoras.

3. O certificado axustarase ao modelo uniforme anexo ao convenio e deberase arquivar unha copia na Dirección Xeral da Mariña Mercante cando sexa expedido a un buque matriculado en España.

4. A súa duración non poderá ser superior á do seguro ou da garantía financeira en que se basea a súa expedición.

5. O certificado a que se refiren os números anteriores poderase estender tanto para buques matriculados en España coma para buques matriculados nun Estado non parte.

6. O procedemento de solicitude e expedición dos certificados rexerese pola Lei 30/1992, no non disposto neste real decreto.»

Catro. A disposición derradeira primeira queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición derradeira primeira. *Habilitación de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Fomento, no ámbito das súas competencias, para ditar as normas de aplicación e desenvolvemento deste real decreto».

Cinco. Engádesse unha nova disposición derradeira segunda redactada nos seguintes termos:

«Disposición derradeira segunda. *Facultades de execución.*

O director xeral da Mariña Mercante ditará as resolucións que poidan resultar necesarias para a execución e o cumprimento deste real decreto e, en particular, para aprobar e modificar os modelos de formularios a que se refire o artigo 8.2.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.20.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de mariña mercante.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Fomento, no ámbito das súas competencias, para ditar as normas de aplicación e desenvolvemento deste real decreto e, en particular, para autorizar os clubs de protección e indemnización non integrados no Grupo Internacional de Clubs de Protección e Indemnización a cubrir a responsabilidade civil, en virtude particularmente da súa implantación en Estados que sexan parte dos convenios internacionais a que se refire o artigo 6.

Disposición derradeira cuarta. *Facultades de execución.*

O director xeral da Mariña Mercante ditará as resolucións que poidan resultar necesarias para a execución e o cumprimento deste real decreto e, en particular, para aprobar e modificar os modelos de formularios a que se refire o artigo 8.2.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 21 de novembro de 2008.

Dado en Madrid o 3 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Fomento,
MAGDALENA ÁLVAREZ ARZA

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

18548 *REAL DECRETO 1804/2008, do 3 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, se modifica o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, aprobado polo Real decreto 1270/2003, e se modifican e aproban outras normas tributarias. («BOE» 278, do 18-11-2008.)*

Este real decreto ten por obxecto o desenvolvemento regulamentario da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, así como a modificación doutras normas tributarias.

No sinalado desenvolvemento da Lei 36/2006, este real decreto introduce diversas modificacións no Regulamento da organización e réxime do notariado, aprobado polo Decreto do 2 de xuño de 1944; no Regulamento do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto